Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
Tel. 981 86 00 75 **Fax** 981 86 66 28
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

EXAME PARA PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO

APELIDOS E NOME:_____

FECHA: 02/02/2017

INSTRUCIÓNS:

1) As respostas deben cubrirse no cadro que hai ao efecto.

2) Cada pregunta ten un única resposta correcta.

3) As preguntas non respondidas non restan puntuación.

4) Por cada tres respostas erradas restarase unha resposta correcta.

5) Para superar a proba será necesario obter como mínimo a metade da puntuación máxima (10 puntos)

1) En que artigo da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia se definen as categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados?

A- Artigo 8.

B- **Artigo 10.**

C- Artigo 12.

D- Artigo 14.

2) Na Lei 7/2011 do 27 de outubro de turismo de Galicia, no seu artigo 27, para a declaración de Municipios Turísticos. Tense que cumprir entre outros requisitos, que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior?

A- **Ao 25% do número de veciños.**

B- Ao 30% do número de veciños.

C- Ao 33% do número de veciños.

D- Ao 40% do número de veciños.

3) A Rede galega de espazos protexidos estará constituída por aqueles espazos protexidos que se declaren nalgunha das categorías do artigo 8.1, da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, exceptuando?

A- Zona de especial protección dos valores naturais.

B- Humidal protexido.

C- Paisaxe protexida.

D- **Espacio natural de interese local.**

4) O Museo Valle-Inclán foi constituído por Acordo Plenario do concello da Pobra o 8 de Xullo de 1981 . As novas instalacións foron inauguradas no ano?

A- 2003

B- 1999

C- 1988

D- 1983

5) De entre as seguintes plantas, existe unha subespecie galega (*subsp. gallaecica*) que se pode atopar na península do Barbanza, Cal?

A- *Hydrangea macrophylla*

B- *Cakile maritima*

C- ***Omphalodes littoralis***

D- *Scirpus maritimus*

6) Dos seguintes itinerarios, seguindo as rúas, cal sería o correcto para chegar andando dende a Praza Castelao ao centro de saúde?

A- **Praza Castelao - R/ Rosalía de Castro – R/ Arcos Moldes – R/ Os Gudiños – R/ X.M. Brea Segade.**

B- Praza Castelao - R/ Rosalía de Castro – R/ Faustino Rei Romero – R/ Os Gudiños – R/ X.M. Brea Segade.

C- Praza Castelao - R/ Rosalía de Castro – R/ Arcos Moldes – R/ Paio Gómez Chariño – R/ X.M. Brea Segade.

D- Praza Castelao - R/ Rosalía de Castro – R/ Roxelio Pérez “Roxerius” – R/ Os Gudiños – R/ X.M. Brea Segade

7) O hórreo de Araño é o mais longo de Galicia con 37,05 metros, pero no termo municipal temos dous máis que superan os 24 metros, en que parroquias se atopan ?

A- Rianxo e Leiro

B- Asados e Taragoña

C- Asados e Isorna

D- **Rianxo e Isorna**

8) En que ano se lle adicou a Manuel Antonio o Día das Letras Galegas?

A- 1976

B- 1977

C- 1978

D- **1979**

9) O concello de Rianxo atópase incluído na rede Natura 2000, que porcentaxe da superficie total do concello esta baixo esta figura de conservación?

A- **Menor do 0,5 %**

B- Entre 0,5 % e o 1 %

C- Entre 1 % e o 1,5 %

D- Maior do 1,5 %

10) Parte da promoción turística realizase mancomunada polo ente Arousa Norte, a día de hoxe que alcalde é Presidente desta Mancomunidade?

A- O de Ribeira

B- O de Pobra

C- O de Boiro

D- **O de Rianxo**

11) Na páxina web http://omarfeitotradicion.gal/guias-turisticas está colgado o folleto turístico de Rianxo, de que ano é a edición?

A- 2005

B- **2008**

C- 2010

D- 2014

12) No ano 2016 celebrouse a efeméride do achado do Casco de Leiro, cantos anos pasaran dende o descubrimento?

A- 30 anos

B- **40 anos**

C- 50 anos

D- 60 anos

13) A ruta “Subida ao Monte Muralla” ten unha denominación alfanumérica, cal é ?

A- PR-G10

B- **PR-G15**

C- PR-G20

D- PR-G25

14) A festa da Guadalupe de Rianxo, foi declarada Festa de Interese Turístico de Galicia no ano?

A- 1995

B- **2000**

C- 2003

D- 2005

15) O lugar de Cabanas, atópase na parroquia de?

A- Isorna

B- Asados

C- **Leiro**

D- Non existe

16) A declaración de Espazo Natural Protexido para o caso de Reserva Natural, segundo a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza ten que ser por?

A- Orden Ministerial

B- **Lei do parlamento de Galicia**

C- Decreto Xunta de Galicia

D- Orde da Consellería de Medio Ambiente

17) Segundo a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, os contornos de protección subsidiarios nos solos rústicos, nos de núcleo rural histórico-tradicional ou nos urbanizables estarán constituídos, de forma subsidiaria, por unha franxa cunha anchura, medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe, para os elementos singulares do patrimonio etnolóxico como hórreos, cruceiros e petos de ánimas, pombais, alvarizas, pesqueiras, muíños, foxos de lobo ou chozos. A distancia será de?

A- 100 metros

B- 50 metros

C- 30 metros

D- **20 metros**

18) No artigo 67 da Lei 7/2011 do 27 de outubro de turismo de Galicia, sobre a clasificación dos establecementos de turismo rural, en que grupo se clasifican os pazos e outras edificacións sobranceiras?

A- Grupo I

B- **Grupo II**

C- Grupo III

D- Grupo IV

19) No ano 2010, atopáronse uns restos humanos que fixeron que a historia da vila de Rianxo retrocedera case mil anos, ao século II ou IV. Onde se atoparon estes restos?

A- Na rúa de Abaixo

B- Na rúa Hospital

C- **Na Praza de Rafael Dieste**

D- Na praza da Fonte

20) Das respostas, cal sería a alternativa directa para ir dende Rianxo (vila) ao lugar da Capela?

A- Rianxo - A Atalaia – Batán – Contrés - A Capela
B- Rianxo- Té – Fachán – Ourille -A Capela
C- Rianxo – Outeiro – Vilas – Somoza – A Capela
D- Rianxo – Brión - Meiquiz – Quintáns – A Capela

Respostas:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20

Preguntas reserva:

(1) A Manuela, embarcación emblemática de Rianxo, comezou a reinar (gañar regatas) na Ria de Arousa no Ano?

a- **1947**

b- 1949

c- 1951

d- 1953

(2) O tipo de embarcación denominado lancha xeiteira, tivo en Rianxo unha variante propia de menor tamaño. Como se lle chamaba a esta variante?

a- Lancha rianxeira

b- Buceta de Rianxo

c- Bote rianxeiro

d- **Burriño de Rianxo**

Rianxo
Concello

(3) Atopámonos na praia das Cunchas e queremos, pasando polas praias chegar o Porto de Rianxo. Cales serían as praias polas que pasaríamos seguindo a orden correcta?

a- As Cunchas – Tronco – O Porrón – Tanxil – Quenxo- Porto

b- As Cunchas – O Porrón – Tronco - Quenxo - Tanxil - Porto

c- **As Cunchas – O Porrón – Tronco - Tanxil - Quenxo - Porto**

d- As Cunchas – O Porrón – Quenxo - Tronco -Tanxil - Porto

(4) En Rianxo entre os anos 1910-1914, editouse un semanario no que colaboraba asiduamente A. D. R. Castelao, Como se Chamaba?

a- Cousiñas

b- El Barbero Municipal

c- Entre Nos

d- Don Cándido

Respostas reserva:

1	2	3	4

Sinatura

Resultados:

Correctas	
Erradas	
En branco	
NOTA	